

Dossier Práctico para a redución de bolsas de plástico dun só uso en comercios

Como comercio, tes un papel importante en promover a redución do uso das bolsas de plástico xa que por un lado es provedor/a deste tipo de bolsas e doutra banda, tamén estas en continuo contacto coa clientela polo que podes chegar a converterte nun/a comunicador/a da necesidade de reducir as bolsas de plástico dun só uso.

1. Informa a clientela a través de folletos e póster colocado no teu comercio, sobre as repercusións negativas para o medio ambiente e para a sociedade que produce as bolsas de plástico. Visualiza cos materiais da campaña, a intención de declararTe Zona Libre de Bolsas.
2. Promove o uso da bolsa de tea, “premiando” á clientela con algún obsequio do propio comercio. Ex: se es un comercio de venda de froitas e verduras, podes regalar a quen traia unhas bolsas de tela, unha mazá ou facer un pequeno desconto na compra dalgunha verdura ou froita.
3. Podes intentar cobrar as bolsas de plástico a un prezo que suba progresivamente ao longo do ano e comentar que tomas esta medida polas repercusións ambientais e sociais que teñen este tipo de bolsas, así evitas que os/as clientes/as léven unha gran cantidade ás súas casas.
4. Reduce progresivamente a compra de bolsas de plástico e compra bolsas de tea nalgunha empresa que confeccione este tipo de bolsas. Aínda que nun principio non elimines as bólsas de plástico totalmente, si que podes ir reducindo o teu uso no teu comercio deste xeito, tendo bolsas de tea e bolsas de plástico.
5. Informate sobre datos e cifras en relación ás bolsas de plástico para poder comunicarllo á túa clientela e sobre a necesidade de reducir. Esta información podes descargarla na páxina web ou pedirnola por correo.
6. Coloca un póster ou indicacións informativas sobre as propostas que vaias a facer en relación á redución das bolsas de plástico dun só uso, é importante que visualices as túas accións para dar a coñecer o teu interese no medio ambiente e en que a clientela responda ás peticións que feixes desde o teu comercio.

Di NON ás bolsas de plástico